

XUNTOS FACEMOS MÁIS POR MEICENDE

Meicende recibiu unha mellora importante a nivel de infraestruturas e servizos e sumou diferentes edificios (a piscina ou o Meicende Concilia, por exemplo) para dinamizar o día a día de todos os veciños. Por diante, un gran proxecto de humanización e modernización de toda a parroquia.

FEITOS

✓ **NOVO COMPLEXO DE PISCINAS.** O goberno de Calvelo construiu un moderno complexo deportivo que conta con dúas piscinas, un ximnasio de 500 metros e catro salas máis para diferentes actividades, nunhas instalacións situadas nunha ampla área verde.

✓ **NOVA PRAZA NA AVENIDA DO BUTANO.** Modernizouse a zona cunha praza para os veciños, ademais de ampliar o aparcamento.

✓ **CENTRO SOCIAL MEICENDE CONCILIA.** Xa é unha realidade este novo edificio social de Meicende. A infraestructura está orientado a facilitar a conciliación de horarios das familias, con servizo de atención a persoas maiores e nenos baixo a supervisión de persoal especializado.

✓ **MELLORAS NO PARQUE DO EMBALSE.** O Concello mellorou tanto o paseo que rodea o embalse como a área de ocio que conta con pistas deportivas, parque infantil e aparatos biosaludables.

✓ **ZONA DEPORTIVA EN SOBRADO.** Apostouse por dinamizar o día a día do lugar cunha área na que se poden realizar diferentes actividades deportivas.

✓ **MELLORAS NO CAMPO DE FÚTBOL.** Profunda renovación dos campos Amancio Amaro e Luis Suárez, coa substitución do céspede sintético por un de última xeración, engadindo ademais aspersores emerxentes de largo alcance para optimizar o regado, melloras nas gradas e reforma no ximnasio.

✓ **PEONALIZACIÓN DA RÚA SEVILLA.** O goberno de Carlos Calvelo mellora a seguridade convertendo en peonil a rúa Sevilla, pola que poderán circular exclusivamente vehículos de residentes no que se refire ao tráfico rodado.

PROXECTOS

✓ **URBANIZACIÓN DA RÚA CODESEIRA.** Será a continuación doutras actuacións semellantes na zona, urbanizando o último tramo de rúa para ampliála e construír un tramo de beirarrúa que chegue ata a zona de aparcamento, que tamén será ampliada.

✓ **HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA TORROAL.** Levarase a cabo a ordenación do vial, creando espazos diferenciados para o tráfico e os peóns, aínda que en formato de plataforma única. Tamén se crearán prazas de aparcamento.

✓ **ZONA VERDE ENTRE O EMBALSE E O PETÓN.** O goberno de Carlos Calvelo seguirá co proxecto dun gran parque de preto de 30.000 metros cadrados na zona que está entre a presa, As Eiras, O Petón e a autopista.

✓ **DECLARAR O PETÓN ZONA ARI.** O Concello pedirá que se declare O Petón como Área de Rehabilitación Integral (ARI) por parte da Xunta, para que os propietarios das vivendas poidan acceder a axudas directas para rehabilitar e mellorar as condicións das construcións do barrio.

✓ **URBANIZACIÓN DA PRAZA DA CONSTITUCIÓN.** Buscarase a modernización da zona coa creación de zonas verdes, prazas de aparcamento e tamén beirarrúas para favorecer o tránsito peonil pola área.

✓ **URBANIZACIÓN DA RÚA COMPOSTELA E DA AVENIDA PALLEIRO.** Está previsto tamén ordenar o tránsito de vehículos e viandantes coa creación de beirarrúas e a sinalización destes viales.

✓ **NOVA ZONA RECREATIVA NO ENTORNO DO EMBALSE.** O Concello contempla ampliar os servizos e os espazos da área cunha nova zona recreativa ao lado do complexo de piscinas que sumaría 11.000 m² máis de parque.

✓ **SERVIZO DE BICICLETAS PÚBLICO ENTRE MEICENDE E PASTORIZA.** Calvelo continuará fomentando a mobilidade sostible apostando por un servizo de bicicletas público con conexión entre Meicende e Pastoriza.



- 1. O goberno de Calvelo creou unha nova praza na avenida de Butano
- 2. O complexo de piscinas e deportivo de Pastoriza-Meicende tivo un gran éxito entre a veciñanza
- 3. O novo edificio Meicende Concilia conta cun parque infantil
- 4. Meicende contará cun novo servizo de bicicletas públicas